

TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DAS ESCULTURAS DO PARTENÓN

DEFIDIAS


a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:

escultura monumental (relevos e escultura exenta) do Partenón ou Templo de Atenea Parthenos da arte grega realizada na Época clásica, no século V a. C., coñecido como "Século de Ouro" ou "Século de Pericles". Autor: Fidias e os traballadores do seu obradoiro. Localización: orixinalmente no Templo do Partenón, na Acrópole de Atenas (Grecia); actualmente case todas as esculturas están no Museo Británico de Londres (levadas por Lord Elgin no século XIX) e algunhas no Museo da Acrópole de Atenas e outras repartidas por diversos museos. Material: mármore policromado (perdeuse case toda a policromía).

c.- Analiza e comenta a obra: Fidias foi escultor, arquitecto (supervisou toda a obra arquitectónica do Partenón), pintor e ourive, mostrando en cada unha destas facetas artísticas unha mestría insuperable, pero é sen dúbida no campo escultórico onde se pode cualificar a súa obra de xenial. Vive na Atenas de Pericles, e será Pericles -amigo íntimo de Fidias- o que lle encargue a decoración escultórica do Partenón e dúas colosais estatuas de Atenea (ambas desaparecidas): a primeira, de 13 metros, situouse na Acrópole; a segunda, chamada Atenea Parthenos, colocouse na naos do Partenón: era unha estatua criselefantina de 12 metros. A morte de Pericles supuxo a caída en desgraza do escultor que foi acusado de quedar con parte do ouro da Atenea Parthenos e, que rematou por exiliarse en Olimpia.


As esculturas das métopas do Partenón son grupos escultóricos an medio relevo de carácter figurativo. Un total de 92 métopas decoraban o friso, a parte máis relevante do entaboamento da orde dórica. Son pezas duns 1'35 m. de lado, realizadas en mármore, e que, na súa orixe, estaban policromadas. Están condicionadas pola "lei do marco arquitectónico": téñense que adaptar á forma e ao espazo que van ocupar. Esta adaptación experimentou unha clara evolución: pouco natural e pouco convincente na época arcaica, máis natural, convincente e satisfactoria na época clásica, chegando ao seu cumio con Fidias no Partenón.

Fidias foi o autor da ampla decoración escultórica do Partenón, que incluía: os dous frontóns, as 92 métopas e o friso que percorría exteriormente as salas do templo. Neste aspecto o Partenón é tamén un edificio único pois a enorme cantidade de esculturas que o adornaban non tiña paralelo en ningún outro templo grego.



Esculpidas en alto relevo, representaban guerras mitolóxicas. Eran alegorías das Guerras Médicas e remataban co triunfo dos gregos (razón, intelixencia, civilización). Na fachada principal (leste): a xigantomaquia

(loita entre os deuses e os xigantes); na posterior (oeste): a amazonomaquia (loita entre gregos e amazonas); na fachada lateral norte: a Guerra de Troia (loita entre gregos e troianos); na sur: a centauromaquia (loita entre gregos e centauros).




Do mesmo modo que os frontóns, teñen función decorativa, xa que se sitúan na parte visible do templo (recordemos que o templo é a casa do deus, non o espazo para o culto). Mais cumpren outras finalidades, dunha banda, o emprego de materiais nobres, servía a amosar a riqueza da polis, e doutra banda, o repertorio iconográfico, servía a enfatizar a superioridade do mundo civilizado que sae victorioso das loitas primixenias. Do mesmo modo que nos frontóns, o marcado relevo, que ás veces pasa a exento na parte superior, esa volumetría está determinada pola visión de abaixo-arriba do espectador, é dicir tiñan que ser o suficientemente visibles para acadar o seu significado. Igualmente o marco determina as composicións tendentes a configuracións triangulares.

O conxunto mais recoñecido é a Centauromaquia, 32 metopas que do lado meridional, das que tan só chegaron a nosoutros 18 xunto con algúns fragmentos de outras. Segundo a mitoloxía grega, os centauros foron invitados á boda do rei dos lapitas. Ata daquela, os centauros nunca beberen viño, de maneira que durante o banquete nupcial acabaron bébedos, e amosaron as máis baixas pasións, tratando de violar e raptar á propia noiva e a alguna das outras mulleres. Desencadeouse así unha cruenta loita entre os lapitas, que remataron triunfantes, e os centauros, moitos dos cales morreron.

O cruel enfrontamento nárrese coma se dun cómic se tratase, viñeta a viñeta, métopa a métopa, con tan só dúas figuras por peza maioritariamente organizadas en diagonal. Os lapitas figuran espidos (aínda que algúns portan clámide) e empregan escudos circulares. Pola súa parte, os centauros, seres mitolóxicos coa metade do corpo humano e a outra metade cabalo, como correspóndese á súa natureza semisalvaxe, represéntanse espidos (aínda que nalgúns ocasións portan peles de animais).

Advírtese que non hai unha completa unidade de estilo, xa que se deben á man dos diversos artistas do taller de Fidias, correspondendo a éste a supervisión xeral do proxecto. Para expresar a dureza dos combates, sempre corpo a corpo, empregábase o dinamismo, todas as figuras están dotadas dun gran movemento, reflectido a través dun amplo repertorio de posturas, no que os corpos se entrelazan, e marcados escorzos que aportan vivacidade á representación.

Notable é igualmente resulta a gran riqueza plástica nas texturas, como se observa nos cabelos e nas vestimentas, como capas e peles dos guerreiros, que a través dos pregamentos redundan no movemento para apoiar o ritmo da composición. Tanto os pregamentos como a musculatura están ben marcados, utilizando o principio de "diartrose" que consiste en acentuar con liñas profundas as



liñas divisorias de brazos e pernas, así como os pectorais e o pregue inguinal dando lugar a xogos de claroscuro que realzan o volumen das figuras. Nos vestidos das mulleres raptadas cuidáronse o tratamento dos tecidos e os pregues e a anatomía que transparentan.

Fidias mostra unha preocupación por atopar unha beleza espiritual, onde incluso no fragor da batalla, os rostros mostran serenidade e dominio das paixóns, en consonancia co espírito relixioso e cívico da época. Os rostros dos centauros son mostrados como plenamente humanos, no sentido de que non se lles pode atribuir

unha gran ferocidade. Os rostros masculinos mantéñense nobres e sereos pese ao momento, porque finalmente os lapitas conseguiron vencer aos centauros nun combate que para os gregos simbolizaba o trunfo da civilización sobre a barbarie.

Con Fidias chegamos ó momento culminante da escultura clásica, mostrada aquí en todo o seu esplendor. Así o constatan as altísimas cotas acadadas en canto a movemento, ritmo, riqueza plástica e expresiva, innovacións de representación como a técnica dos panos mollados. Antepuxo a búsqueda da beleza interior ou a plenitude espiritual ao uso das proporcións exactas e unha harmonía numérica. En definitiva, abre o camiño a un novo tipo de expresión que terá grandes influencias no postclasicismo en autores como Praxíteles, Lisipo ou Scopas. Onde por un lado buscarase unha beleza máis amable e humana e por outro a expresión do "pathos" ou o sufrimento humano.